

Taxón	Hábitat	Descrición
<i>Gymnopilus junonius</i> (Fr.) P.D. Orton. Fungo da risa 	Nun <i>Prunus</i> sp enfrente do campo de fútbol.	Basidiocarpo ± 15 cms, medran en grupos mestos en troncos de árbores. Sombreiro de hemisférico a aplanado, redondeado, ás veces lixeiramente mamelonado, de cor amarelo avermellado. Superficie lisa, finalmente cuberto por pequenas escamas esbrancuxadas. Láminas espaciadas, de cor ocre a marrón avermellado. Esporada laranxa. Pé groso, amarelo, fusiforme, radicante, con anel membranoso con manchas alaranxadas das esporas. Fungo saprófito/parasito. Tóxico.
<i>Gymnopilus penetrans</i> (Fr.) Murrill. Fungo amargo 	Nun tronco morto no prado dos bancos.	Basidiocarpo ± 15 cms, medran en pequenos grupos en troncos de árbores mortas. Sombreiro de 2-8 cm, convexo a aplanado, de cor amarelo alaranxado, máis claro nas beiras. Superficie lisa. Láminas apretadas, de cor amareláceo, con manchas ferruxinosas. Esporada ocre-laranxa. Pé cilíndrico, de cor similar ao sombreiro. Fungo saprófito. Tóxico.

Texto adaptado, procedente de Asturnatura, da Asociación Micológica Fungipedia e do libro Marcote, J.M.C.; Pose, M. & Traba, J.M. 2008. Cogomelos de Galicia. Ed Xunta de Galicia.

Ilustracións: Rafa Gonzalez. Asturnatura
Enrique Rubio Dominguez. Centro de Estudios Micológicos Asturianos.